

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027976	IES Poeta Añón	Outes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

Segundo regula o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Modificada pola Orde do 27 de decembro 2022.

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coitado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzaran os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas. No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados. No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio. Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Crear un mural no centro. Debate e reflexión sobre a temática a tratar.	Debate e reflexión sobre a temática a tratar, (igualdade, cambio climático, ....) Quedada de información. Achega de ideas. Elección do espazo a embelecer. Elección de materiais axeitados.	35	14	X		
2	Crear un mural no centro. Elaboración do mural.	Preparación do soporte e elaboración do mural.	34	11		X	
3	Crear un mural no centro. Creación do documento audiovisual có proceso de realización.	Conclusión e exposición.	31	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Crear un mural no centro. Debate e reflexión sobre a temática a tratar.	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Entende que é importante comunicar valores. É quen de reflexionar sobre cales son as cuestións principais que se deberán abordar un proxecto común.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	É quen de entender e diferenciar os materiais necesarios para a realización dun mural duradeiro.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	É capaz de tomar decisións sobre algúns aspectos do proxecto. Aporta positivamente e con criterios propios información relevante e sabe respectar a allea.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Comprende e acepta que é un proxecto participativo e común.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	É capaz de buscar e propor solucións axeitadas ás posibles circunstancias adversas que podan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Crear un mural no centro. Elaboración do mural.	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Participa e colabora seguindo as indicacións.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos debatidos e tratados para a correcta evolución do proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utiliza con corrección os materiais e é quen de seguir as instrucións do plan trazado.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Ten autonomía e pode solucionar calquera incidencia que poda xurdir.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	É quen de valorar trazos e calidades persoais propias e das demais persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Crear un mural no centro. Creación do documento audiovisual có proceso de realización.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Comparte os coñecementos e as experiencias cos demais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Exprésase con claridade á hora de expor as súas ideas.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Utiliza unha comunicación non verbal axeitada e correcta.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Afronta o proxecto cunha actitude emprendedora, resolutiva, áxil, innovadora, sostible e creativa. É quen de controlar as súas emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Coñece estratexias de comunicación adecuadas e áxiles e sabe aplicar diferentes ferramentas comunicativas, especialmente as ligadas ás novas tecnoloxías.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- Contidos necesarios para a elaboración do mural en E-DIXGAL.
- Visionado e procura de traballos semellantes realizados por outras persoas.
- Análise, reflexión e debate sobre o tema a elixir.
- Creación de ideas propias. Metodoloxía investigadora e creadora.
- Debate e reflexión sobre as ideas propias achegadas.
- Traballo en grupo, realización do mural, proceso pictórico, guiado polo profesorado.
- Reflexión persoal e conxunta sobre os resultados.
- Elaboración do documento audiovisual sobre o proceso de elaboración.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

- |   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>— Ordenador con conexión a Internet e proxector con pantalla.</li><li>— Plataforma de ensino virtual E-DIXGAL.</li><li>— Materiais pictóricos funxíbeis, pintura, brochas, .....</li><li>— Material necesario para a elaboración das escalas, regras, ...</li><li>— Batas protectoras.</li><li>— Páxinas web.</li><li>— Algún tipo de material fotográfico, para elaboración da exposición final e publicidade.</li><li>— Programa de vídeo-edición para exposición e publicidade dos resultados acadados.</li><li>— Ordenador con conexión a Internet e proxector con pantalla.</li><li>— Plataforma de ensino virtual E-DIXGAL.</li><li>— Materiais pictóricos funxíbeis, pintura, brochas, .....</li><li>— Material necesario para a elaboración das escalas, regras, ...</li><li>— Batas protectoras.</li></ul> |
|---|

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

##### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula, ... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

##### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Coñecementos sobre pintura.
- Creatividade.
- Uso das tecnoloxías.
- Niveis de expresión.
- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas en E-DIXGAL,

cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Con unha hora semanal intentarase levar a cabo o antes posible.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información achegada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>34</b>	<b>31</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación da unidade da materia, crear un mural, establecerase do seguinte xeito:

Mediante realización de prácticos, na procura de información da participación na elaboración de ideas e solución de problemas dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro: Peso porcentual na nota de cada avaliación: 40%

Observación durante o proceso de realización do proxecto, o alumnado coñecerá os indicadores de logro: Peso porcentual na nota de cada avaliación: 60%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media ponderada das tres avaliacións. Para obter as cualificacións trimestrais dos boletíns, redondearase a cualificación con decimais (de telos) a número enteiro, sendo a cualificación mínima o 1 e a máxima o 10. A cualificación final será a media aritmética das notas reais (non da nota redondeada dos boletíns).

### Criterios de recuperación:

#### RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poda ir superando as dificultades en canto son detectadas é con algún tipo de axuda mais activa por parte do profesor/a, á hora de realizar a actividade.

Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado terá que amosar na execución do traballo que vai superando as dificultades e segue as instrucións do profesor/a.

#### RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, pode presentarse a unha avaliación final en Xuño que consistirá na:

a) Elaboración dun proxecto teórico-práctico a realizar durante o tempo de clases, guiado polo profesorado. Peso porcentual na nota: 100%

Durante o tempo de preparación co que conta o alumnado dende que remata a 3ª avaliación ata a final, farase un percorrido polos contidos que se avaliarán e guiáraselle para poder levar a cabo dito proxecto.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

#### SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, a través de E-DIXGAL, matriculando o alumno/a para o seguimento. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través de E-DIXGAL, ademais tamén, mediante reunións presenciais, fixando un recreo para dita atención, posibles aclaracións ou indicacións.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través de E-DIXGAL. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital, técnicas, materiais, etc.) e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas por avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

— 1ª entrega: 30%

— 2ª entrega: 30%

— 3ª entrega: 40%

#### PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Aplicarase o disposto no artigo 51 da orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso aplicarase o disposto no artigo 52 da mesma orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado,

para que todos/as poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe.

En cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Consientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

— En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, adaptadas e de consolidación.

— Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

— É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e neste caso fora dela, insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

— Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

En caso de alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do

Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.

— O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

— Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalescente no seu domicilio, intentarase un achegamento á materia e a comunicación a través de E-DIXGAL ou do profesor de atención domiciliaria.

— O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

— En relación á interacción entre iguais, fomentaranse as relacións de aceptación, axuda mutua, cooperación e respecto polas diferenzas, tan importantes para que o alumnado que teña dificultades na aprendizaxe non se sinta rexeitado e desmotivado.

#### MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

— Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

— Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos/as. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

#### MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

— Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

— Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo, así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - ET.1- Comunicación audiovisual. ET.2- Competencia dixital. ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico. ET.5 - Educación emocional e en valores. ET.6- Igualdade de xénero. ET.7 - Creatividade. ET.8 - Emprendemento social e empresarial. ET.9 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais. ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X		
ET.2 - ET.3 - Competencia matemática. ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico. ET.7 - Creatividade. ET.9 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais. ET. 10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - ET.1- Comunicación audiovisual. ET.2- Competencia dixital. ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico. ET.7 - Creatividade.			X

#### Observacións:

Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

A competencia matemática vén da utilización de escalas e dimensións no encaixado para a realización do proxecto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1.- Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas, sobre todo virtuais.	X	X	X
2.- Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por diferentes profesionais.	X	X	X
3.- Participación nas actividades interdisciplinares .	Participación nás actividades colectivas interdisciplinares programadas polo centro.	X	X	X

#### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións que os ofertan ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.

<b>Metodoloxía empregada</b>
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa.
((AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados.
<b>Outros</b>
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.

#### **Descrición:**

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade trimestral e por avaliacións.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en diario de aula e estatísticas de resultados.

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación polo que dita programación deberá estar accesíbel na aula virtual do centro.

### **9. Outros apartados**